



NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 26 de febreiro de 2021

Hora: 20:00

Lugar: Telemática. Aplicación ZOOM.

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión celebrada o 29 de xaneiro de 2021.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS.

2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Expediente de Contratación Nº2020/C004/000008: Contratación armonizada, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee.
3. Proposta da Alcaldía relativa a incoación da resolución contractual da concesión do posto Tipo E, Local 31 do Mercado de Abastos da Vila de Cee. EXPEDIENTE Nº: 2019/X999/000031.

DA COMISIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA

4. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONÉS ANO 2021. Expediente Nº 2021/X999/000069.



DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

5. Proposta da alcaldía relativa á atribución do nome de D^a M^a Concepción Blanco Blanco á zona axardinada existente detrás do Mercado de Abastos da Vila de Cee. EXPEDIENTE N^o: 2021/X999/000070.

6. Ditame da Comisión informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego relativo á: Declaración Institucional: 8 de marzo día internacional das mulleres

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

7. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: N^o 46/2021 do 22 de xaneiro a 158/2021 de 18 de febreiro.

8. DAR CONTA DOS ENVIOS O ESTADO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2021. EXPEDIENTE N^o: 2021/X999/000039:

A) MOROSIDADE 4T 2020

B) PMP 4T2020

C) EXECUCIÓN TRIMESTRAL4T2020

9. Mocións de urxencia.

10. Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela